

Versión final actividade 6, Bloque 2- Ana Isabel García Espina

COIDA A TÚA PEGADA



Etapa: de 16-18 anos.



Nivel de dificultade: medio



2 socios



Temporalización: ... sesións



Etiquetas: ciberseguridade, pegada dixital

Descrición da actividade:

Os alumnos reflexionan e experimentan a importancia de controlar a información persoal que se comparte en internet a través dun reto proposto polo docente.

Obxectivos: (3 máximo)

1. Entender que é a pegada dixital e a súa transcendencia a curto e longo prazo
2. Aprender a utilizar internet de forma segura
3. Aprender a “desconectarse” do móbil para “conectarse” a outras actividades.

Competencias clave e temas transversais:

- Comunicación lingüística
- Competencia dixital
- Competencias sociais e cívicas
- Educación para os medios de comunicación
- Educación do consumidor (e usuario)

Contidos curriculares:

- Comprensión e expresión oral e escrita
- Creación de presentacións en distintos formatos



Aspectos inclusivos:

Tense en conta as características individuais de cada alumno á hora de organizar a charla/taller, asegurando que todos poidan participar na/no mesmo.

Produtos/ resultados esperados:

Póster divulgativo, trático, vídeo, ou similar.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Esta actividade inclúe varias partes. Para o “reto” é preciso contar coa aprobación das familias dos alumnos, de modo que é necesario informalos con antelación.

Paso 1

Vaise utilizar o [vídeo “Un Crac do BMX”](#) da Axencia Española de Protección de Datos:

https://video.agpd.es/TiDecidesEnInternet/TiControlas/VIDEO_04_UN_CRACK_DA_BMX_V3.mp4

Aínda que o vídeo está en español, enténdese perfectamente sen audio, de modo que o idioma non será un problema para ningún alumno.



Imaxe 1_fragmento do vídeo

Os profesores visionan o vídeo e preparan unhas preguntas sobre o mesmo. Con esas preguntas preparan un formulario. Utilizan [google forms](#) <https://www.google.com/intl/es-es/forms/about/> ou [forms](#) do office 365 <https://www.microsoft.com/es-es/microsoft-365/online-surveys-polls-quizzes>, ou similar.

O obxectivo das preguntas é facilitar a reflexión sobre os distintos puntos que se observan no vídeo (uso excesivo/obsesivo do móbil, a pegada dixital, consecuencias a curto e longo prazo...).




Imaxe 2_cuestionario con preguntas sobre o vídeo

Paso 2.-

Un docente crea unha páxina co nome da actividade e engade un TwinBoard ó que sobe o formulario coas preguntas para que os alumnos as respondan despois de visionar o vídeo.



[Crear páxina](http://etwinning.es/es/novo-twinspace-como-crear-unha-paxina-de-actividades/) no Twinspace: < <http://etwinning.es/es/novo-twinspace-como-crear-unha-paxina-de-actividades/> >



twinspace

Imaxe 3_páxina no

Paso 3

Os profesores de cada centro escolar participante no proxecto acordan como agrupar os alumnos en equipos nacionais e internacionais. Preparan unha táboa cos membros de cada equipo e sóbena á páxina que creen para isto no TwinSpace.

Equipos	Alumno país 1	Alumno país 2
1	Alumno_1_1	Alumno_2_1
2	Alumno_1_2	Alumno_2_2
3	Alumno_1_3	Alumno_2_3



[Crear páxina](#) no TwinSpace:

Paso 4

No grupo-clase e en equipos nacionais, os alumnos visionan o vídeo e responden as preguntas do formulario creado anteriormente. Logo abren un pequeno debate en clase.

Os resultados do formulario publícanse ó TwinBoard.



Imaxe 4_debate

Paso 5

Os alumnos, que aínda non tiveron oportunidade de coñecer os seus compañeiros internacionais, prepáranse para O RETO.

- Para isto cada un envía un TwinMail ó compañeiro asignado- incluíndo sempre a súa profesora en copia-, no que só pode dicir “Ola, son xxx“ pero **escribindo só os seus perfís en redes sociais**.
- O reto consiste en buscar información sobre o seu novo compañeiro nesas redes sociais e tomar notas de todo o que lle resulte de interese para “coñecer” o seu compañeiro.
- Cada alumno prepara unha presentación moi sinxela coa información atopada.

Paso 6

- a) Créase un foro co título “Véxote na Rede” e un fío de debate para cada equipo internacional, de modo que os membros de cada un poidan compartir o que aprenderon sobre os seus compañeiros, e estes poidan dicir se é correcta ou non.



Titorial: [Como crear un foro no TwinSpace.](#)



imagen 5_foro

- b) Créase outro fío de debate para que os alumnos respondan a estas preguntas:
- Imaxinabas que era tan doado “verte” na Rede?
 - Realmente querías que un descoñecido puidese saber tantas cousas sobre ti?
 - Que farás a partir de agora?



Imaxe 6_fío no foro

- c) Comentan estas respostas cos seus compañeiros de equipo. Aproveitan para pensar como organizar no seu centro educativo unha campaña informativa/preventiva, que lles axude a ser máis coidadosos coa información que comparten en internet, a protexer a súa pegada dixital.

Paso 7

Cada equipo internacional utiliza o seu fío no foro para planificar e crear a súa proposta para a campaña preventiva: poden facer un póster, gravar un vídeo conxunto flipgrid, gravar unha mensaxe de audio conxunta,... cada equipo decide o formato.

Paso 8

Difúndese todo o material creado a través da páxina web institucional de cada centro escolar socio.

Paso 9

Autoavaliación e Coavaliación: cada alumno completa a súa ficha de autoavaliación (créase un modelo que sirva para todos os membros do proxecto) e a ficha de coavaliación creada para as actividades colaborativas.

Exemplo de ficha de autoavaliación:

activida de	Ferramenta utilizada	data	Fíxeno ben, estou satisfeit o	Fíxeno. Está pasable	Fíxeno pero non está moi ben	aínda non acabei	Sen facer



*Durante todo o proceso, os profesores supervisan e asesoran, permitindo nos alumnos a liberdade de creación que a actividade require.

Ferramentas do TwinSpace / ferramentas 2.0 externas:

Twinspace: TwinBoard, Materiais, Foro, TwinMail, Poll



Ferramentas 2.0 externas

- [Canva](#)
- [Sway](#)

- [Adobe spark](#)
- [mindmup](#)
- [forms](#)